



Asemblea de Axentes de Pastoral

20 de outubro de 10,30 a 13,30 horas
No Colexio San Xosé de Cluny (Vigo)

25-setembro-2018

Benquerido compañeiro:

Nas xornadas de programación pastoral, celebradas no Seminario de Vigo o 12 e 13 de xullo, insistiuse na necesidade de organizar un encontro coas persoas que colaboran nas actividades e proxectos das distintas comunidades existentes na Diocese.

A finalidade dese encontro é: poñer rostro a aqueles que de maneira humilde pero eficaz axudan a construír Igrexa, orar en común pedindo ao Espírito Santo polos froitos dos nosos traballos apostólicos e presentar un plan de actividades ou algunha acción concreta a realizar durante o curso.


Así pois, recollendo o sentir das xornadas de programación, a vigairía de pastoral convoca unha **Asemblea Diocesana de Axentes de Pastoral**, que se celebrará o **sábado 20 de outubro**, desde as 10,30 ás 13,30 horas, **no colexio San Xosé de Cluny de Vigo**, e que estará presidida polo sr. Bispo.

A invitación está aberta a todos os axentes de pastoral. Gustaríanos contar coa presenza de sacerdotes, consagrados/as e segrares: catequistas, voluntarios de Cáritas e dos equipos de pastoral da saúde, integrantes dos grupos de liturxia, colaboradores das delegacións, membros das asociacións e movementos, socios das confrarías... Queremos unha participación ampla que sexa expresión da vitalidade da Igrexa que peregrina en Tui-Vigo.

O encontro estará centrado, de maneira xenérica, na presentación do Plan Pastoral do curso 2018-19 e, concretamente, no documento "*A renovación pastoral*", que se entregará a todos os presentes para ir traballando nel ao longo do vindeiro curso.

Invítote pois a que participes e animes a participar aos teus colaboradores.

Sen máis, unha forte aperta e graziñas pola túa colaboración.


José Vidal
Vicario de Pastoral